

Emotiva homenaxe a Antón Tovar na presentación do 'Lethes 6'

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas limiáns ou que falan sobre A Limia.

[26/02/2005 18:01] Nunha Casa da Cultura ateigada de xente tivo lugar a [presentación](#) do número 6 dos **Cadernos Culturais do Limia Lethes**. Entre os numerosos asistentes destacaba a presenza do senador e Voceiro Nacional do BNG, Anxo Quintana, varios alcaldes da Limia e outras autoridades locais e provinciais. Tamén asistiu ao evento Enrique Tovar, irmán do desaparecido poeta limiao Antón Tovar, cuxa memoria presidiu toda a noite.

O acto comezou cunha introducción a cárrago de Manolo Seoane, vicepresidente do **Centro de Cultura Popular do Limia**, quen, despois de louvar o traballo de Xosé Badás (Director e Coordinador de LETHES) e da xente que colaborou dun ou doutro xeito, fixo un percorrido polos artigos que compoñen este novo número.

Imaxes da vida e da obra de Tovar xunto coa súa propia voz recitando algúns dos seus poemas puxeron o toque de emoción ó materializar de xeito palpable a presenza do poeta.

A continuación Delfín Caseiro fixo unha semblanza da vida e da obra de Antón Tovar, a quen se lle adica grande parte deste número, resaltando especialmente a súa vinculación emocional coa Limia ata a final dos seus días.

Outro dos invitados da noite, Xosé Carlos Caneiro, recitou un par de poemas propios e tivo palabras de agradecemento para o traballo que está a desenvolver o Centro de Cultura Popular do Limia e que fai de Xinzo unha das principais capitais da cultura da provincia e de toda Galiza.

Pechou o acto a brillante e sentida actuación do cantautor barquense Anxo Rei, quen, acompañado da súa guitarra, lle puxo música e voz a tres poemas de Antón Tovar.

Ó rematar a satisfacción dos asistentes era evidente e, outra volta se puxo de manifesto a solidez desta iniciativa que representa LETHES e a súa aportación singular e insustituíble á nosa cultura.

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [A Asociación de Comerciantes de Xinzo estrea web](#)
- ❑ [O regadío da Limia enfronta a agricultores e ecoloxistas](#)
- ❑ [O BNG solicita que a alcaldesa de Porqueira sexa declarada tráfuga](#)
- ❑ [Lançamento do libro «Bandeiras da Galiza» em Vilar de Santos](#)
- ❑ [Embargarán a nove concellos para pagar a débeda coa Mancomunidade](#)
- ❑ [Espazos para a música alternativa en Xinzo e Vilar de Santos](#)
- ❑ [Achegando por estrada as comarcas de Monterrei e A Limia](#)
- ❑ [Iolanda López gaña a primeira edición do Premio de Poesía "Antón Tovar"](#)
- ❑ [Desbloqueada a 4 Fase do Parque Empresarial de Xinzo](#)
- ❑ [As lexións romanas de Décimo Xuño Bruto acampan á beira do Lethes](#)